

# OS IRMÁNS E O ASESINATO

Hai un millón de anos, Baldomero VII gobernou en España. Tiña un irmán chamado Felipe, que era moi malo e quería o trono real, pero era de Baldomero. Pasaron meses, anos, e Felipe non aguantaba mais.

Unha mañá de abril, Baldomero faltou ao almorzo e todo o mundo estaba estrañado. Felipe riu polo baixo. Un criado que se chamaba Óscar escoitouno e empezou a sospeitar, pensou que Felipe matara ao seu irmán Baldomero! Escondeuno na súa mente e non llo dixo a ninguén. Pola noite, Óscar non daba dormido, porque estaba pensando no bó que fora Baldomero con el, pero todavía non lle contara a ninguén as súas sospeitas e ademais dáballe medo acusar a Felipe de asasinato... Quen se creería que Felipe matara ao seu irmán? Pero el tíñao claro.

Á mañá seguinte, Óscar seguía sen dicir nada e tampouco comía. A súa nai preocupouse por el e foi a preguntarlle:

-¿Que che pasa fillo?

-Nada, mamá. Estou perfectamente.

Logo, foise a traballar no enorme xardín de palacio. Ao coller un sachó, viu a Felipe falar cun rapaz, e aínda se estrañou máis. Felipe deuse conta e Óscar estaba asustado. Ao día seguinte, Óscar non aguantou máis e contoullo ao seu mellor amigo, Diego. El non o creía ao principio, pero ao escoitar que Felipe estaba falando con aquel rapaz convenceuse, e xa eran dous que pensaban que Felipe matara a Baldomero, pero aínda tiñan medo de acusar a Felipe.

Xa pasaran tres días e Baldomero seguía sen aparecer. A lei de aquel reino dicía que si o rei non aparecía durante tres días a coroa pasaba ao seu irmán ou parente! Iso significaba que o novo rei sería Felipe! “Vai a ser unha catástrofe” pensou Óscar e foi a falar con Diego. Cando Diego o supo dixo:

- Só temos que recoller probas e entregarllas á policía. Se nos creen, levarán a Felipe ao cárcere. – Óscar coincidiu e marcharon os dous a traballar.

Ao día seguinte, Óscar encontrou moitas probas e foi a decírlle a Diego. Os dous foron á comisaría. Ao chegar, os policías quedaron impresionados, pero díxéronlles que farían un xuício o día seguinte no xuzgado.

Nesa mañá, todo o mundo estaba preparado. Comeza a sesión! :

- Señor Felipe, pode decirnos onde se atopaba cando Baldomero foi asasinado?

-Eu estaba no meu estudio, traballando, e non salín de alí durante toda a tarde. (Pero resulta que non estaba só).

Ben- dixo o xuíz. – Vostede, criado, onde estaba cando Baldomero foi asesinado?

- Eu estaba traballando no xardín do Castelo, regando las plantas –explicou Óscar.

O xuíz foi ao seu despacho para deliberar.

-Ben.- dixo ao saír.- O culpable do asesinato é Felipe Alonso Alvarez, o irmán de Baldomero. Todo o mundo dixo “Meu Deus!”

- Sí, este é o culpable!!!!!! . Quedará en prisión para sempre.

E ASÍ FOI COMO BALDOMERO DESCANSOU EN PAZ.

# FIN

**CARMEN ALONSO DOMÍNGUEZ**